

SERVIZO DE ASESORAMENTO GRATUÍTO EN MATERIA DE VIVENDA

Para máis información:
avogacia.gal | 900 121 221



SERVIZO DE ASESORAMENTO GRATUÍTO EN MATERIA DE VIVENDA

O Consello da Avogacía Galega e o Instituto Galego de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia asinaron para 2022 un convenio de asesoramento en materia de vivenda co obxectivo de:

- Crear as canles de información necesarias para evitar que persoas en situación de desamparo perdan a súa vivenda habitual ou, no seu caso, poidan acollerse aos programas existentes en materia de acceso a vivenda.
- Posibilitar que as persoas físicas propietarias ou usufrutuarías de vivendas que sexan ocupadas ilegalmente saiban como actuar ante esta situación.
- A coordinación e organización deste asesoramento será a cargo do Consello da Avogacía Galega e a prestación realizarase por medio dos Colexios da Avogacía de Galicia.

Como podo solicitar o asesoramento gratuito?

As persoas interesadas neste asesoramento teñen á súa disposición dúas vías para acceder a este servizo:

- Formularios web na páxina do Consello da Avogacía Galega avogacia.gal. As consultas realizadas serán respondidas polo letrado/a de garda dentro das 48 horas seguintes ao envío da consulta.
- O teléfono 900 121 221. O horario de atención será de luns a venres, en horario de 10:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas, e os sábados, de 10:00 a 14:00 horas.

Quen pode beneficiarse do asesoramento gratuito?

No caso de desafiuzamento, as persoas en risco de perder a súa vivenda habitual e permanente, arrendatarios ou propietarios, como consecuencia dun procedemento de desafiuzamento por:

Execución hipotecaria.

Pola falta de pagamento da renda de alugueiro, sempre que esta vivenda constituía o seu domicilio habitual e permanente.

Por calquera outra circunstancia imprevista ou sobrevida.

No caso da ocupación ilegal da vivenda, o propietario ou usufrutuário do inmovible ocupado. Se é inquilino debe poñerse en contacto co propietario, para que sexa este quen utilice este servizo.

Que beneficios aporta este convenio á cidadanía?

Búscase aportar a información legal necesaria para procurar que as persoas en situación de desamparo non perdan a súa vivenda habitual ou, no seu caso, poidan acollerse aos programas existentes en materia de acceso á vivenda, así como para posibilitar que as persoas físicas propietarias ou usufrutuarías de vivendas que sexan ocupadas ilegalmente saiban como actuar nestas situacións.

Para máis información:
avogacia.gal | 900 121 221